Apatosaurus

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Apatosaurus (do grego: "réptil enganoso") é un xénero de dinosauros saurópodos diplodócidos, que viviron a finais do período Xurásico na actual América do Norte. Othniel Charles Marsh describiu e nomeou a primeira especie coñecida, ***A. ajax***, en 1877, e unha segunda especie, ***A. louisae***, foi descuberta e nomeada por William H. Holland en 1916. *Apatosaurus* viviu hai 152 a 151 millóns de anos, durante finais do Kimeridgiano a comezos do estrato Titoniano, e é coñecido por fósiles da formación de Morrison atopados en Colorado, Oklahoma, Novo México, Wyoming e Utah, nos Estados Unidos de América. *Apatosaurus* tiña unha lonxitude media de entre 21 e 22,8 m, e un peso medio de entre 16,4 a 22,4 toneladas. Uns poucos espécimes atopados indican unha lonxitude máxima un 11–30% maior que a media e un peso de 32,7 a 72,6 toneladas.

Apatosaurus

Rango fósil: Xurásico superior 152 Ma-151 Ma

PreЄ Є O S D C P T J K PgN



Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Sauropsida
Superorde:	Dinosauria
Orde:	Saurischia
Suborde:	Sauropodomorpha
Infraorde:	Sauropoda
Superfamilia:	Diplodocoidea
Familia:	Diplodocidae
Xénero:	***Apatosaurus*** Marsh, 1877

Especies

- *A. ajax* (tipo)
- *A. excelsus* (Marsh, 1879c) Riggs, 1903
- *A. louisae* Holland, 1915
- *A. parvus* (Peterson & Gilmore, 1902)

Sinonimia

- *Brontosaurus* Marsh, 1879c
- *Elosaurus* Peterson & Gilmore, 1902

Véxase tamén

Ligazóns externas

- Hartman, S. (2013). Scott Hartman's Skeletal Drawings, ed. "Sauropods and kin".
- Batuman, Elif. Brontosaurus Rising (http://www.newyorker.com/tech/elements/apatosaurus-brontosaurus-rising) (abril de 2015), *The New Yorker*
- Krystek, Lee. "Whatever Happened to the Brontosaurus?" (http://www.unmuseum.org/dinobront.htm) UnMuseum (Museum of Unnatural Mystery), 2002.
- Taylor, Mike. "Why is 'Brontosaurus' now called *Apatosaurus*?" (http://www.miketaylor.org.uk/dino/faq/s-class/bronto/) MikeTaylor.org.uk, 28 de xuño de 2004.



Este artigo sobre zooloxía é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Apatosaurus&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.
Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.